

## ACTA Nº 2017/2

### SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

#### - CASA DO CONCELLO, LUNS 20 DE FEBREIRO DE 2017 -

No día de hoxe ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

ADOLFO FRANCISCO MUÍÑOS SÁNCHEZ

**ASISTEN:**

BNG

TOBIAS BETANZOS REGO

XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA

ADELINA CES QUINTANS

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO

RAQUEL GARCIA ABUIN

PP

MARÍA JESUS GALBAN TEIJEIRO

ELISA BOUZAS VICENTE

ADELA BECERRA MAYO

PSdeG-PSOE

MARÍA DEMELSA IGLESIAS COLLAZO

MARTÍN COMOJO VICENTE

FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES

MARÍA DEL CARMEN FIGUEIRA ARES

Rianxo en Común-SON

ANTONIO CASTRO CASTRO

JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ

**AUSENCIAS:**

PP

ADRIÁN VIDAL IGLESIAS

MARÍA VANESA MARTINEZ DURAN

**SECRETARIA:**

PATRICIA SÁNCHEZ CASTELO

**INTERVENTORA:**

PATRICIA FERNÁNDEZ PÉREZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión e procédese a tratar os asuntos incluídos na

#### ORDE DO DÍA

1. Aprobación de Actas
2. Dación de Conta das Resolucións de Alcaldía e Actas da Xunta de Goberno
3. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal.- Plan Único de Concellos- POS + 2017
4. Moción Plan Único dos Concellos da Deputación da Coruña
5. Moción danos causados polos temporais e ás responsabilidades das compañías eléctricas subministradoras

6. Moción Couza Guatemalteca e aos seus efectos no cultivo da pataca
7. Moción: Actuacións de información ós veciños na contratación da enerxía eléctrica
8. Moción: Declarar Rianxo Concello oposto o tratado CETA de libre comercio entre Canadá e a Unión Europea
9. Rogos e preguntas

## 1.- APROBACIÓN DE ACTAS

- **A Presidencia preguntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta nº 1/2017 de 26/01/2017.**

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO

APROBAR a acta da sesión do Pleno do Concello que tivo lugar o 26/01/2017, Acta 1/2017.

SEGUNDO

INCORPORAR a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da corporación e maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

A voceira do PSOE sinala que na paxina 8 onde pon: fonte de Lagarteiro, Debe por: fonte de Lagarteira

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a acta nos termos desta.

## 2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/01/2017 ata o 31/01/2017, que comprenden os números 01/2017 ao 61/2017, e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión.

B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno xunto coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 1 da Sesión extraordinaria do día 26/01/2017

O Pleno da Corporación TOMA COÑECEMENTO

### 3.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL.- PLAN ÚNICO DE CONCELLOS- POS + 2017

O alcalde expón que a proposta que se someteu a DITAME da COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, ÁREA DE REHABILITACIÓN E OBRAS-SERVIZOS MUNICIPAIS, do día 17/02/2017, e se ditaminou favorablemente tiña un erro no subtotal de pago a provedores que fixo necesario a raíz do informado pola interventora que esta cifra auméntase de 274.737,95€ a 328.238,05 €. Polo que a proposta se trae o pleno sufriu modificacións nas táboas sendo os proxectos os mesmos que xa foron ditaminados na comisión.

A proposta anterior retirase e o Alcalde somete a debate unha nova proposta de data 20 de febreiro co seguinte contido:

A Deputación Provincial de Coruña ó día 25/11/2016, aprobou as bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación de Obras e Servizos de competencia municipal Plan Único de Concellos Pos +2017. A asignación que corresponde ao Concello de Rianxo ascende a 767.673,29 repartidos do seguinte xeito

Achega provincial 2017	Achega provincial 2016	Préstamo provincial	TOTAL
337.153,81	207.479,27	223.040,21	767.673,29

Considerando que en primeiro lugar debemos destinar 328.238,05 € o pago das débedas a provedores e 50.786,26 € a amortización de débeda con entidades financeiras.

De acordo coas solicitudes dos diferentes grupos políticos da Corporación a estes programas da Deputación, tendo en conta o tempo e as dispoñibilidades orzamentarias, encargáronse os distintos proxectos de obras

VESTIARIOS CAMPO DE FÚTBOL DE A LOMBA
PROXECTO DE REMODELACIÓN DE PARQUES INFANTIIS UBICADOS EN ÁREAS RECREATIVAS.
PAVIMENTACIÓN DE VIAL RIANXIÑO -FINCHEIRA
PROXECTO PARA EXECUCIÓN DE SANEAMENTO INTEGRAL NO LUGAR DE FOXACOS

PAVIMENTACIÓN PISTA SOMOZA ( ASADOS)
OBRAS DE MANTEMENTO E MELLORA NO CEMITERIO MUNICIPAL
ACONDICIONAMENTO DE EDIFICIO PARA SEDE DA POLICÍA LOCAL DE RIANXO

Contando cos proxectos de obras e os correspondentes informes técnicos e de secretaría, estando tramitándose as autorizacións sectoriais preceptivas.

Considerando que o Pleno é o órgano competente, de conformidade co artigo 22.2º g) da Lei de Bases de Réxime Local e o artigo 217.2ºa) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fundamentalmente para solicitar á Excma. Deputación Provincial a

delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no Plan.

Esta Alcaldía, propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal Plan único de concellos POS+2017 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a achega provincial 2017, achega provincial 2016 e préstamo provincial 2017:

**A) Financiamento do pago a provedores:**

	Deputación
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de pago a provedores	207.479,27 €
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de pago a provedores	120.758,78 €
<b>Subtotal pago a provedores</b>	<b>328.238,05 €</b>

**B ) Financiamento de gastos correntes:**

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de gastos correntes	0€
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>0€</b>

**C ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
VESTIARIOS CAMPO DE FÚTBOL DE A LOMBA	103.997,69 €	47.927,59 €	151.925,28 €
PROXECTO DE REMODELACIÓN DE PARQUES INFANTIIS UBICADOS EN ÁREAS RECREATIVAS.	103.997,70 €	61.320,99 €	165.318,69 €
PAVIMENTACIÓN DE VIAL RIANXIÑO -FINCHEIRA	8.399,64 €	33.593,51 €	41.993,15 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2017</b>	<b>216.395,03 €</b>	<b>142.842,09€</b>	<b>359.237,12 €</b>

ACHEGA PROVINCIAL 2016 (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello	Orzamento total
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2016</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>

PRÉSTAMO PROVINCIAL 2017	Financiamento do investimento		
Denominación da obra ou subministración	Préstamo Deputación	Achega Concello	Orzamento total

PROXECTO PARA EXECUCIÓN DE SANEAMENTO INTEGRAL NO LUGAR DE FOXACOS	172.253,95 €	24.953,54 €	197.207,49 €
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2017</b>	<b>172.253,95 €</b>	<b>24.953,54 €</b>	<b>197.207,49 €</b>

2.- Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos No POS+ 2017 e que se relacionan nestas táboas.

**D) Financiamento dos honorarios de redacción de proxectos:**

Denominación do proxecto cuxos honorarios de redacción se solicitan (achega provincial 2017)	Deputación
<b>Subtotal redacción proxectos</b>	0

**E) Financiamento de achegas municipais a outros plans ou programas:**

	Deputación
Achega provincial 2017 aplicada ao financiamento de achegas municipais	0
Achega provincial 2016 aplicada ao financiamento de achegas municipais para investimentos financeiramente sostibles	0
<b>Subtotal achegas municipais</b>	0

**F) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	Número/código do préstamo	Importe de "préstamo provincial 2017" aplicado á redución da débeda
BBVA	9555014584	50.786,26 €
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>		<b>50.786,26 €</b>

**G) Resumo:**

SUBTOTALS		Deputación	Concello	Total
<b>A- PAGO A PROVEDORES</b>	Achega 2016	207.479,27 €		207.479,27 €
	Achega 2017	120.758,78 €		120.758,78 €
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	Achega 2017	0	0	0
	Achega 2017	216.395,03 €	142.842,09€	359.237,12 €
<b>C- INVESTIMENTOS</b>	Achega 2016	0	0	0

	<b>Préstamo 2017</b>	172.253,95 €	24.953,54 €	197.207,49 €
<b>D- HONORARIOS REDACCIÓN</b>	<b>Achega 2017</b>	0	0	0
<b>E- ACHEGAS MUNICIPAIS</b>	<b>Achega 2017</b>	0	0	0
	<b>Achega 2016</b>	0	0	0
<b>F- REDUCCIÓN DÉBEDA</b>	<b>Préstamo 2017</b>	50.786,26 €	0	50.786,26 €
<b>TOTAL</b>	<b>Achega 2017</b>			
	<b>Achega 2016</b>			
	<b>Préstamo 2017</b>			
	<b>TOTAL</b>	<b>767.673,29 €</b>	<b>167.795,63 €</b>	<b>935.468,92€</b>

3.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2017 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 20% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento</b>
PAVIMENTACIÓN PISTA SOMOZA ( ASADOS)	122.981,38 €
OBRAS DE MANTEMENTO E MELLORA NO CEMITERIO MUNICIPAL	97.007,50 €
ACONDICIONAMENTO DE EDIFICIO PARA SEDE DA POLICÍA LOCAL DE RIANXO	130.877,56 €
<b>TOTAIS</b>	<b>350.866,44 €</b>

4.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten solicitadas as autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

5.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2017 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2017, se a houbera.

6.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

7.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste

Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

8.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

9.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

En primeiro lugar Adolfo dálle a palabra a Interventora a cal expón de forma somera como se calculou a cifra de pago a provedores. Que a contabilidade o filtro utilizado para sacar o importe dou erros despois de comparar os exercicios 2016 e 2017 que dou lugar a modificación da proposta da cifra de pago a provedores, esta explica o cadro coas novas cifras

O concelleiro de Economía, facenda e participación veciñal Tobías Betanzos expón en que consiste proposta e os tres programas que a compoñen.

A continuación expón en que consiste cada un dos proxectos xa ditaminados pola comisión informativa de 17/2/17:

#### -VESTIARIOS CAMPO DE FÚTBOL DA LOMBA – TARAGOÑA

Consiste na construción dun edificio destinado a vestiarios na campo de fútbol da Lomba, na actualidade, o campo de fútbol conta con dous vestiarios de equipos e un vestiario de árbitro. O pavimento de herba artificial, permite unha secuencia continuada e partidos que fai necesario ter un mínimo de 4 vestiarios para optimizar a instalación.

O proxecto contempla a construción dun módulo que contará cun vestiario para árbitro e dúas zonas de vestiarios con zonas de bancos, aseos, un aseo adaptado para cada un e unha zona de duchas a compartir entre os dous vestiarios. A zona de duchas conta con ducha adaptada.

A dita obra executarase segundo o proxecto técnico das obras redactado polo Arquitecto Amancio Losada Vicente, por importe de 151.925,28 euros.

#### -REMODELACIÓN DOS PARQUES INFANTIS UBICADOS EN ÁREAS RECREATIVAS:

A situación actual de aparatos de xogos das seguintes áreas recreativas están moi deteriorados:

A Torre, proxectase para unha demanda importante de usuarios, os novos xogos 10 elaborados en madeira asentarase directamente na herba

Brión: Delimitación da zona con adoquín de formigón, a pavimentación da área de xogo será de caucho, colocaranse 4 aparatos de xogos

Buía: pavimentación da área con adoquín de formigón e da área de xogo de caucho, incrementase a área de xogo actual en 32 metros ata acadar os 185,95 metros, instalación de catro aparatos de xogos.

Medeiros: pavimentación en caucho, e instalación de cinco aparatos de xogos

A dita obra executarase segundo o proxecto técnico das obras, redactado pola Arquitecta Aurora García Vicente, por importe de 165.318,69 euros

#### -PAVIMENTACIÓN DO VIAL RIANXIÑO – FINCHEIRA

O obxectivo deste proxecto é a mellora do pavimento da pista que une Rianxiño con Fincheira por Salto de Auga.

Dende o cruce de Arcos Moldes coa estrada de Rianxiño, aquí remata a pista que une Rianxiño con Fincheira ata o cruce da estrada Tanxil con estrada de Fincheira

Actuacións:

1. Limpeza e apertura de cunetas
2. Formación de sobre anchos onde proceda
3. Limpeza e bacheo previo
4. Pavimentación con aglomerado en quente

A dita obra executarase segundo o proxecto técnico das obras, redactado polo Arquitecto Amancio Losada Vicente, por importe de 41.993,15 euros.

#### -SANEAMENTO INTEGRAL NO LUGAR DE FOXACOS

As obras acadarán a prestación dun servizo básico para os veciños das zonas beneficiadas como é o saneamento, O lugar de Foxacos é un dos lugares de Araño que non está conectado aínda a rede de saneamento.

Ao obxecto de aproveitar mellor as características das pendentes do lugar, proxéctase a obra en tres tramos independentes:

- Tramo 1 conexión á rede actualidade
- Tramo 2 conexión á unha estación de depuración autónoma (arqueta de desbaste, arqueta separadora de graxas, foxa de filtro biolóxico e arqueta de inspección e reparto e dous pozos filtrantes
- Tramo 3 Como no tramo 2, conexión a unha estación depuradora autónoma independente e cos mesmos elementos descritos anteriormente.

A lonxitude total da rede estará nos 1169 metros con 38 pozos de rexistro

A dita obra executarase segundo o proxecto técnico das obras , redactado polo Arquitecto Juan Carlos Bastos González, por importe de 197.207,49 euros

-PLAN COMPLEMENTARIO: Investimentos Financeiramente sostibles :

#### -PAVIMENTACIÓN PISTA SOMOZA ASADOS A IGREXA - LEIRO

O obxectivo consiste en obras necesarias de mellora nos pavimentos dunha pista do concello de Rianxo que une a Igrexa na parroquia de Leiro con Somoza na parroquia de Asados. As obras contempladas son de mantemento do vial existente cun pavimento similar ao que ten actualmente dado que está en mal estado. As actuacións consisten en:

1. Limpeza e apertura de cunetas
2. Formación de sobreanchos
3. Limpeza e bacheo da superficie



#### 4. Pavimentación en quente

A dita obra executarase segundo o proxecto técnico das obras, redactado polo Arquitecto Amancio Losada Vicente, por importe de 122.981,38 euros

##### -MANTEMENTO E MELLORA DO CEMITERIO MUNICIPAL

O obxectivo do proxecto consiste en resolver os problemas de entrada de auga nos panteóns do cemiterio municipal que na actualidade se atopan en mal estado, levando a cabo as seguintes actuacións

1. Limpeza completa de muros e cubertas existentes
2. Eliminación de pinturas existentes
3. Reparación de fendas e desconchados
4. Impermeabilización de poliuretano das cubertas
5. Pintura impermeable de polisiloxano nos muros do cemiterio tanto exteriores coma interiores.
6. Revisión da instalación eléctrica existente.

A dita obra executarase segundo o proxecto técnico das obras, redactado pola Arquitecta Guadalupe Patiño Abuín, por importe de 97.077,50 euros

##### -ACONDICIONAMENTO DE EDIFICIO PARA SEDE DA POLICÍA MUNICIPAL

A edificación actual consta de cimentación, estrutura, cuberta, pechamento exterior e tabiquería, O seu obxecto consiste no acondicionamento interior do edificio para poder destinalo a sede da policía local de Rianxo, as actuacións consisten en:

1. REVESTIMENTOS
2. SANEAMENTO E DRENAXE
3. ALBANELERÍA
4. CARPINTERÍA INTERIOR
5. INSTALACIÓN ELÉCTRICA
6. INSTALACIÓN DE FONTANERÍA E SANEAMENTO
7. INSTALACIÓN ILUMINACIÓN
8. INSTALACIÓN DE CALEFACCIÓN E VENTILACIÓN
9. INSTALACIÓN DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS
10. INSTALACIÓNS ESPECIAIS

A dita obra executarase segundo o proxecto técnico das obras, redactado polo Arquitecto Amancio Losada Vicente, por importe de 130.877,56 euros

Desta maneira, vistas as necesidades que concorren nestes momentos no Concello de Rianxo, realizando un balance presupostario, con respecto as obras, o investimento a realizar no Plan ascende a un total de 935.468,92€. e un plan complementario no que se inclúen investimentos financeiramente sostibles por un importe de 350.866,44€

O Concelleiro expón que a secretaria advirte nos informes xurídicos dos proxectos que é necesario obter as autorizacións sectoriais antes de sacar a licitación os proxectos. E a

interventora advirte que é necesario contar con remanente positivo e aforro neto positivo e o resto de normativa aplicable.

O grupo de goberno espera cumprir estes requisitos e de non darse solicitaríase prórroga, despois do exposto remata a intervención solicitando apoio o plan que ascende a case un 935.468,92€

O Alcalde procede a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### DEBATE:

- Portavoz Rianxo en Común Antón expón que no ano 2016 queixaranse pola pouca oportunidade de participar no proceso, este ano expón que tiveron tres reunións, pero segue faltando a primeira parte a cuestión política de fixar criterios, as obras están ben pero non saben se son as prioritarias, queixase de que non vaia nada en investimentos financeiramente sostibles e non se adique nada a poboación de mais de 65 anos e todo vaia destinado a poboación de 0-15.

Expón que o seu voto sería a abstención non teríamos que xustificar pero vai ser contrario o plan.

- A portavoz do grupo socialista M<sup>a</sup> Carmen expón que saben que as obras tocan a moitas parroquias e votan de menos unhas reunións previas agora remata a súa intervención expoñendo agora non hai marxe de maniobra.
- A Concelleira do grupo PP Adela agradece que puidesen participar aportando propostas pero o seu grupo vaise abster.
- A portavoz do grupo BNG Adelina expón que as obras intentan recoller as necesidades plantexadas polos grupos nos distintos plenos, que se propuxeron aquelas nas que estaban máis avanzados os proxectos dado que é preciso contar con proxectos redactados e esta elaboración require dun certo tempo, que creían que recollían o sentir de todos.
- Adolfo manifesta que algúns proxectos tiveron que quedar fora porque tiñan que ter un importe de máis de 30.000 € como o de saneamento de Canta a Ra . Manifesta que o longo de moitos plenos se solicitaban intervencións nos parques infantís e agora tráense, así como o saneamento a Foxacos que era un dos poucos núcleos que quedaban sen el. Con referencia os vestiarios do campo de fútbol expón que se trata dun investimento a longo prazo para optimizar as instalacións.

Continúa a intervención expresando que para o tramo de mais de 65 anos o concello está a acondicionar o Liceo inversión de máis de 50.000€ cunha subvención nominativa da Deputación e se prevé nos conceda unha subvención para o ascensor.

Manifesta que as inversións en saneamento, viais e parques disfrutan todos os veciños das súas melloras así como das obras de accesibilidade, que coas obras deste plan búscase equilibrar todas as parroquias e as carencias así como rematar equipamentos da policía local, para a confección do mesmo hai que mobilizar arquitectos, materializar proxectos proceso longo e custoso.

Remata a intervención expoñendo que os 328.238,05 que se destina a pago a provedores tiñan achega orzamentaria, polo que teremos mais cantidade para facer pequenas inversións.

- Portavoz Rianxo en Común Antón expón parece sen un sentir da oposición que non houbo suficiente participación, reiteramos o plan estará ben en temas de contabilidade e administración pero seguramente outras obras os proxectos tamén, falta fixar criterios
- Adolfo manifesta que os proxectos importantes teñen criterios políticos así a necesidade da dotación de saneamento a mellora dos parques infantís, viais. Expón que moitas propostas quedan fora polo seu importe suporía renunciar o resto remata a intervención convidando grupos a que traian propostas concretas, recoñecendo que a súa labor é concretar os proxectos e responder as demandas, que vostedes nos plantexan.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 6 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG), sete abstencións (dos 3 membros do grupo PP e 4 dos membros do grupo PSOE) ) e 2 votos en contra (dos 2 membros de Rianxo en Común) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta.

A interventora auséntase as 21:00

#### **4.- MOCIÓN PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA**

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

A concelleira do PP Adela pasa a expoñer a moción :

##### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Pleno da Deputación da Coruña aprobou o pasado mes de novembro, cos votos a favor do Goberno provincial, Marea Atlántica, Compostela Aberta e Alternativa dos Veciños, e co voto en contra do Partido Popular, o Plan Único dos Concellos dotado con 74 millóns de euros.

O novo programa unifica o Plan de Obras e Servizos, o Plan de Acción Social e o Plan de Aforro e Inversións e 11 liñas de subvencións (en concreto suprímense as de cultura, deportes, promoción económica, turismo, desenvolvemento de servizos sociais, políticas de igualdade, envellecemento activo).

Segundo o acordo plenario, o POS 2017 nutrirase dos 24,2 millóns que a Deputación achegaba cada ano ao tradicional Plan de Obras e Servizos, así como dos 8,3 millóns das liñas de axuda e dos 20 millóns do superávit que o organismo provincial prevé obter este ano e os 21,5 millóns que ata agora se dedicaban ao Plan de Aforro e Inversións.

Ademais, tendo en conta que o goberno provincial comprometeuse tamén a engadir, como mínimo, os 13 millóns de euros de remanente, co que igualaría a achega total dos plans do anterior goberno.

En consecuencia con todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Rianxo propón á consideración do pleno municipal o seguinte ACORDO:

1.- Que Deputación da Coruña garanta que o Concello de Rianxo, como mínimo, non verá reducidos os ingresos que percibiu o ano pasado a través do Plan de Obras e Servizos. O Plan de Acción Social e o Plan de Aforro e Investimentos e 11 liñas de subvencións: cultura, deportes, promoción económica, turismo, desenvolvemento de servizos sociais, políticas de igualdade, envellecemento activo).

2.- Que a institución provincial comprométese a incluír na partida orzamentaria coa que arranca o Plan Único dos Concellos os remanentes de tesourería que se vaian xerando ao longo do exercicio económico do 2017.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### DEBATE:

- Portavoz Rianxo en Común Antón expón están a favor do plan único pero queremos concello siga percibindo os mesmos fondos .
- A portavoz do grupo socialista M<sup>a</sup> Carmen toma palabra manifestando que queren reciba o mesmo que no 2016, pero con transparencia e cos mesmo criterios do POS e pide a Xunta e o Estado Central fagan o mesmo para así eliminar o clientelismo que existe nos gobernos de moitas administracións .
- A portavoz do grupo BNG Adelina expón que No primeiro punto da proposta da parte resolutiva da moción do PP solicítase que a Deputación da Coruña garanta que os 93 concellos da provincia non vexan reducidos os ingresos que percibiron durante o exercicio 2016.

Ao respecto disto hai que dicir que non é precisa ningunha moción do PP nin de ningún outro grupo político, para que se garanta tal obxectivo, posto que as propias bases do plan (no punto 2 das mesmas) contemplan que se incremente este Plan con novas achegas ao longo do exercicio 2017 con cargo aos remanentes que se poidan xerar, sendo previsíbel que se alcance a cifra de 100 millóns ao final do ano 2017.

Polo que respecta ao punto 2 da moción do PP, no que se fala de dedicar “os remanentes de tesouraría que se vaian xerando ao longo do exercicio 2017”, cómpre aclarar que se se dedicasen a totalidade dos remanentes ao Plan Único, a acción de goberno da Deputación non podería levarse a cabo na súa totalidade, xa que non habería recursos suficientes para atender as necesidades que hai nos 93 concellos, nos máis de 2000 quilómetros de vías provinciais e noutras liñas de colaboración da Deputación cos concellos, á marxe do Plan Único, en áreas como servizos sociais, cultura, deportes, patrimonio, políticas de igualdade, normalización lingüística, promoción económica, turismo, así como nos servizos de asistencia técnica, informática, xurídica e económica que a Deputación presta aos concellos. E non só se precisan eses recursos para outras fórmulas de colaboración cos

concellos, senón tamén para apoiar todo o tecido asociativo que hai na provincia. Por todo isto, queda claro que non se poden dedicar a totalidade dos remanentes ao Plan Único, tal como agora pide o PP.

Hai que dicir, asómesmo, que o actual goberno da Deputación reduciu as subvencións nominativas no exercicio 2016 ao 5,02% cando no goberno do PP, durante o mandato pasado, as nominativas alcanzaron a cifra do 31% no 2013 e o 28% no 2014.

Pola contra o orzamento de 2017, aprobado polo goberno do BNG e PSOE, inclúe unha dotación orzamentaria de 54.000.000 euros para o Plan Único, ao que lle hai que engadir 20.000.000 € procedentes dos remanentes de 2016, co que fan un total de 74.000.000 euros distribuídos entre os 93 concellos da provincia con criterios POS e a aprobados no pleno da Deputación no mes de novembro de 2016, antes de que os concellos elaborasen os seus propios orzamentos. Nunca antes aos concellos da provincia se lles asignara tal cantidade de cartos e nese momento, un mes antes de iniciarse o novo exercicio.

- Pola alcaldía indicase que, o plan único aplica a todos os concellos os mesmos criterios (capacidade fiscal, poboación, número de parroquias) sempre se utilizaron no POS e foron asumidos por todos os gobernos da deputación sen que se cambiaran. Sendo conscientes de que o concello de Rianxo se beneficiou de subvencións nominativas neste último ciclo, como a Casa De Rafael Dieste, Irmáns Insua, por importe de 400.000€ entendemos que se trata de establecer uns criterios máis obxectivos no reparto dos fondos da Deputación se se segue con eses criterios por outras administracións (o Plan Urbe, repartíanse os fondos por orde de presentación no rexistro de entrada das solicitudes) Así como o 90% dos convenios de Augas de Galicia o 90% fanse con concellos gobernados polo Partido Popular e e non representan nin o 90% da poboación nin o 90% dos gobernos.

O alcalde incide que van votar en contra como sinalaba a voceira do BNG

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 5 votos a favor (dos 3 membros do grupo PP e 2 membros de Rianxo en Común) cero abstencións e 10 votos en contra (dos 6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE), dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta DENEGADA nos termos desta

## **5.- MOCIÓN DANOS CAUSADOS POLOS TEMPORAIS E ÁS RESPONSABILIDADES DAS COMPAÑÍAS ELÉCTRICAS SUBMINISTRADORAS**

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

A portavoz do BNG expón a moción co seguinte contido :

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Ao longo dos primeiros días de febreiro de 2017 producíronse en Galiza unha serie de temporais sucesivos que tiveron como consecuencia máis grave a perda de vidas

humanas. Ademais, causaron importantes danos en propiedades privadas, no sector primario, na actividade industrial e de servizos e en infraestruturas e equipamentos públicos.

Un dos efectos máis graves foi o dos cortes do subministro eléctrico que afectaron a milleiros de galegos e galegas durante máis de 48 e 72 horas. Unha situación que ten a ver coas deficiencias da infraestrutura da rede eléctrica, co abandono dos labores básicos e continuados de mantemento das liñas eléctricas e co insuficiente e tardío operativo das empresas distribuidoras e subministradoras finais de enerxía eléctrica.

Tendo en conta a gravidade da situación, cómpre facer unha primeira avaliación dos danos producidos e aprobar un decreto de axudas para facer fronte ás perdas tanto no ámbito público como privado.

Alén diso, para evitar que situacións tan calamitosas se volvan a repetir tamén cómpre inspeccionar e revisar as obrigas que deben cumprir as empresas eléctricas respecto da conservación axeitada da infraestrutura eléctrica, esixindo as responsabilidades oportunas así como impondo un plan de mellora constante da rede eléctrica ás distribuidoras.

Non é aceptábel que Galiza, sendo produtora e excedentaria de enerxía eléctrica, con numerosos encoros, minicentrales, centrais térmicas ou parques eólicos instalados ao longo do seu territorio que xeran enerxía sen parar, tendo que asumir os custes ambientais de dita actividade, estea obrigada ademais a soportar unha pésima calidade no subministro eléctrico.

Polo anteriormente exposto, o grupo do BNG presenta a seguinte moción para o seu tratamento e debate polo Pleno da Corporación:

O Pleno do concello de Rianxo acorda:

1. Instar ao Goberno galego a:
  - a) Facer unha avaliación urxente e un estudo dos danos producidos polos temporais de 2017 nas infraestruturas e servizos de titularidade pública e privada: infraestruturas e equipamentos públicos, mobiliario, equipamento e bens dos fogares; infraestruturas e bens do sector primario (agrario, gandeiro, forestal, marisqueiro, pesqueiro, acuícola...), actividade industrial e sector servizos.
  - b) Aprobar axudas para os concellos, fogares e empresas que sufriron perdas como consecuencia dos temporais.
  - c) Esixir responsabilidades e establecer medidas sancionadoras ás empresas titulares das infraestruturas polo mal estado das mesmas e ás prestadoras de servizos de subministro eléctrico polo tardío e deficiente operativo de resposta para minimizar os efectos dos cortes do servizo.
  - d) Obrigar ás empresas subministradoras de enerxía a efectuar unha auditoría da situación das liñas eléctricas en Galiza, presentar un plan para subsanar as deficiencias urxentes e unha programación para acometer os investimentos precisos de forma continuada que garantan unha axeitada conservación da infraestrutura eléctrica.
2. O concello de Rianxo Prestara apoio e asesoramento á veciñanza afectada a través dos servizos municipais, a fin de axudar na presentación de reclamacións ou solicitudes de axudas, así como efectuar o seguimento na súa tramitación, para

compensar os danos e perdas sufridos con ocasión do temporal.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

- Portavoz Rianxo en Común Antón sinala que apoiarán a moción, expresando que se auditoría a fan as eléctricas mal vamos porque dirán que todo está perfecto. Así como que a moción mezcla moitas cousas algunhas difíciles vaian xuntas.
- Portavoz grupo PSOE M<sup>a</sup> Carmen expón debería esixírselles teñan liñas eléctricas en condicións óptimas e fagan o mantemento necesario.
- A concelleira do Partido Popular Adela ,sinala que desde a Xunta de Galicia a través do Instituto Galego de Consumo se informou e se puxo a disposición as oficinas e os teléfonos.

Os cidadáns deben reclamarlles as empresas subministradoras os danos e estas aboar, a xunta debe controlar o procedemento.

- Pola alcaldía indicase que os teléfonos de Fenosa eran terribles non funcionaban o único facilitaban era un mapa cheo de incidencias, o telefono 112 sempre respondía que permaneza a escoita, era un bucle ninguén daba unha explicación. Debe darse información a cidadanía nestas situacións, os sistemas non funcionaron. Chama atención so existían incidencias en Galicia pero o subministro fóra da Comunidade ese non sufriu alteracións.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 2 membros de Rianxo en Común), 3 votos en contra (dos 3 membros do grupo PP) e cero abstencións dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

## **6.- MOCIÓN COUZA GUATEMALTECA E AOS SEUS EFECTOS NO CULTIVO DA PATACA**

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

A portavoz do PSOE M<sup>a</sup> Carmen expón a moción co seguinte contido :

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A praga denominada “couza guatemalteca da pataca”, provocada polo organismo nocivo denominado “Tecia solanivora Povolny ou Scrobipalopsis solanivora Povolny”, é unha das de maior importancia económica no cultivo da pataca en América Central, de onde é orixinaria, e nos países de América do Sur, nos cales se foi introducindo. En Europa foi observada e identificada nas Illas Canarias no ano 1999, chegando a producir en algunhas campañas perdas próximas ao 50 % da produción total.

A praga foi detectada en Galicia en Agosto do 2015, nos Concellos de Ferrol, Narón e Neda. Estendéndose o territorio delimitado a Cervo, Foz, Xove, O Valadouro e Viveiro mediante a Resolución de 25 de febreiro de 2016 da Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.

Mediante Resolución do 2 de febreiro de 2017, publicada no DOG o luns 6 de febreiro amplíase a zona ós Concellos de Valdoviño, San Sadurniño, A Capela, Fene, Mugaros, Ares, Cabanas, Ortigueira, Mañón e As Pontes de García Rodríguez na Provincia da Coruña e a diversos concellos da Provincia de Lugo, quedando afectados: O Vicedo, Viveiro, Xove, Cervo, Burela, Foz, Barreiros, Ribadeo, Trabada, Lourenzá, Mondoñedo, Alfoz, O Valadouro, Oural, Abadín, A Pastoriza, Riotorto e A Pontenova.

Sen lugar a dúbidas a pataca é outro dos produtos máis característicos da nosa comunidade, tanto pola cantidade coma pola súa calidade, tanto é así que existe o recoñecemento da Indicación Xeográfica Protexida "Pataca de Galicia", que debido a esta praga corre un grave risco, xa que logo, de entre os concellos afectados pola delimitación, moitos deles pertencen á subzona Terra Chá- A Mariña.

Estase á espera de que o Ministerio de Agricultura aprobe un real decreto co programa nacional de control e erradicación desta praga.

Ante a inacción por parte do Ministerio, a consellería de Medio Rural publicou unha resolución con medidas complementarias e co obxectivo de controlar as plantacións e o movemento de patacas, para evitar que se estenda a outras zonas de produción.

Ademáis é de resaltar a gran cantidade de fogares que cultivan, para o seu autoconsumo, este produto, así coma para a súa comercialización o que supón un dos factores económicos clave para o noso rural.

Aínda que a comarca á que pertence o concello de Rianxo se atopa bastante lonxe do territorio delimitado ata este momento e debido a que a tempada de plantación da pataca está a piques de comezar, o Grupo Municipal Socialista de Rianxo propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

1º Instar o Goberno de España á publicación urxente do real decreto onde se regule a plantación da pataca nas zonas delimitadas pola praga e se controle o movemento de patacas para evitar que se estenda a outras zonas.

2º Instar a Xunta de Galicia a que se encargue de vixiar o estrito cumprimento das normas que se propoñan para tratar de evitar que a praga se estenda por outras zonas de Galicia.

3º Instar a Xunta de Galicia a poñer en marcha un Plan de investigación científica a través dun convenio coa universidade e/ou centros de investigación que colaboren no desenvolvemento de medidas axeitadas para erradicar e controlar a praga da couza guatemalteca.

4º Instar á Consellería de Medio Rural a establecer un Plan informativo sobre a praga, as medidas a tomar para o seu control e no seu caso, o plan de indemnizacións aos agricultores afectados.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:



- Portavoz Rianxo en Común Antón sinala: que se trata dun tema debemos reflexionar, somos produtores de patacas protexidas, e importamos patacas sen garantía, o control debe facerse dende a xunta, en Guatemala foi necesario 14 quendas de sulfato para súa extinción, isto as industrias químicas favorécelles moito.
- Concelleira do PP Adela: a xunta está a facer todo o posible, estase a traballar no borrador do decreto regule, as zoas, estanse a facer campañas de información, confiamos no traballo da xunta e vámonos abster.
- Portavoz do BNG Adelina sinala que esperan que a Xunta poña freo e a semente non traia a praga.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 4 dos membros do grupo PSOE e 2 membros de Rianxo en Común), cero votos en contra e tres abstencións (dos 3 membros do grupo PP ) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

## **7.- MOCIÓN: ACTUACIÓNS DE INFORMACIÓN ÓS VECIÑOS NA CONTRATACIÓN DA ENERXÍA ELÉCTRICA**

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O portavoz de Rianxo en Común expón a moción co seguinte contido :

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A enerxía eléctrica é principal fonte de enerxía na maioría dos fogares tanto do noso Concello como do resto do país. Tense convertido de facto nun ben de primeira necesidade, como o demostra o feito de que cando non dispoñemos del a nosa actividade cotián vese dificultada dun xeito importante, cando non imposibilitada.

Este carácter de ben básico e dificilmente prescindible fai que sexa complicado para as familias rebaixar a súa demanda, situación que aproveitan as empresas ofertantes para incrementar o seu prezo, ben aumentando o prezo do fluído, ou ben subindo o prezo por potencia contratada, etc., ate chegar a situacións nas que sectores importantes da sociedade non poden asumir o custo, e outros o fan con un menoscabo importante para as súas economías.

Nos últimos dous meses o prezo do fluído incrementouse, o que apareceu amplamente recollido nos medios con tintes dramáticos, dando lugar a situacións de angustia para sectores importantes da poboación. Este estado de ánimo lonxe de axudarlles a tomar decisións racionais fai que tomen decisións que van contra os seus propios intereses, porque son estes os momentos nos que as empresas moven ós seus comerciais para

facer supostas ofertas, que na maioría dos casos son aumentos de prezo posibilitados pola dificultade de moitos usuarios para entender as facturas.

A pesar de que esta situación ó terá unha solución satisfactoria cando este ben básico se xestione por lei desde criterios de interés xeral, pensamos que o concello pode levar a cabo iniciativas para facilitar que os veciños en función das súas necesidades contraten a tarifa que lles resulte máis económica.

O anterior é posible porque, fronte ó mercado libre que é o que a xente contrata cando se acolle a supostas ofertas, existe un mercado regulado no que o prezo da electricidade máis dun 30 por cento inferiores. E tamén porque parados, familias numerosas e pensionistas coa pensión mínima, etc., poden contratar o bono social que supón unha rebaixa tamén considerable.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Rianxo en Común proponlle ó Pleno a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1.- Facer unha campaña de carácter xeral utilizando cartelería, charlas ou calquera outro medio que se estime eficaz, para informar os veciños das vantaxes, en prezos e dereitos, de contratar no mercado regulado.
- 2.- Facer unha campaña sobre o bono social moito máis específica e dirixida a aquela poboación que ten dereito o mesmo.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### DEBATE:

- A Portavoz do PSOE , M<sup>a</sup> Carmen manifesta que o seu grupo a vai apoiar.
- Adela concelleira do PP, manifesta que tamén a van apoiar.
- O portavoz de BNG tamén manifesta que o seu grupo apoia a moción. Indica que servizos sociais municipais informan do bono social, ticket social, das vantaxes de baixar a potencia, fixéronse campañas de información con bandos.
- Adolfo di que en Rianxo mais de 30 persoas teñen ticket sociais que seguirán facendo máis campañas de información.

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 15 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR a moción nos termos desta.

## **8.- MOCIÓN: DECLARAR RIANXO CONCELLO OPOSTO O TRATADO CETA DE LIBRE COMERCIO ENTRE CANADÁ E A UNIÓN EUROPEA**

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando ratificada por unanimidade dos 15 membros presente dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

O portavoz de Rianxo en Común expresa que chegan tarde porque xa se aprobou e expón a moción co seguinte contido:

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A UE e Canadá negociaron desde o 2009, con absoluta falta de transparencia, o CETA un tratado de libre comercio e inversións. Estas negociacións remataron e o tratado será sometido a ratificación por parte do Parlamento Europeo en datas próximas.

O obxectivo deste tratado é establecer un grande mercado transatlántico de máis de 545 millóns de persoas que consagraría o dominio das grandes corporacións transnacionais europeas e canadenses no detrimento dos cidadáns de ámbalas partes do océano. Se ben os seus defensores argumentan que son positivos para reactivala economía a realidade e que estes tratados pretenden conseguir maior competitividade exterior a costa de rebaixar ou eliminar as regulacións laborais, sociais, económicas, sanitarias, culturais e ambientais, xa duramente atacadas polas sucesivas reformas habidas no noso Estado. Non en van, foron as multinacionais – Industria automobilista, químicas, farmacéuticas, enerxéticas, bancos, fondos de inversións, etc., - a ambos lados do Atlántico as que mais presionaron para impulsar estas negociacións.

Dado que os aranceis entre a UE e Canadá son xa moi baixos o tratado centrarase na eliminación de leis co fin de reducir custos para as multinacionais, as chamadas barreiras non convencionais. Así este tratado pode desembocar na supresión de regulacións sociais, laborais, ambientais ou de seguridade alimentaria e sanitaria, supondo tamén unha mingua nas liberdades dixitais.

Un dos capítulos máis polémicos, é a de la protección das inversións, pola cal calquera inversor privado Internacional pode desafiar, ante tribunais (pouco transparentes e pouco democráticos) calquera lexislación (ambiental, laboral ou social) que interfira os seus beneficios. Por exemplo unha regulación sanitaria para prohibir o uso de sustancias tóxicas pode ser obxecto de demanda.

A falta de transparencia foi tal que os propios Eurodiputados viron limitado o seu acceso os documentos obxecto das negociacións, feito que contou coa denuncia da propia defensora do pobo europea. Así mesmo, en setembro de 2014, a Comisión Europea prohibiu unha Iniciativa Lexislativa Popular que invitaba a rexeitar as negociacións. Todo o anterior, fronte á comunicación fluída e constante coas grandes multinacionais. A comunicación coa sociedade civil por parte da Comisión Europea limitouse a obviar as críticas e repetir, sen diálogo algún, as supostas bondades do CETA.

Con este tratado veríanse ameazados:

- Dereitos laborais como a liberdade sindical ou a negociación colectiva.
- A supervivencia de servizos públicos como a sanidade, a educación ou pensións.
- A xestión dos residuos, transporte o saneamento e distribución de augas que serían privatizados.
- A seguridade alimentaria o permitir os transxénicos na agricultura, o gando vacún hormonado, o porcino e o aviar clorados.
- Os recursos naturais, potenciando o fracking e importando produtos altamente contaminantes como as areas bituminosas.
- A biodiversidade o apostar pola agroindustria que implica perda de variedades

locais e razas autóctonas e a paulatina desaparición das paisaxes rurais.

- O principio de precaución sobre o uso de sustancias químicas o deixar de controlala súa seguridade antes da obtención do permiso comercial.
- A privacidade persoal o permitir un maior acceso e control sobre datos privados por parte de empresas proveedoras de internet e outras grandes corporacións sectoriais.
- O acceso os produtos farmacéuticos o reforzar as patentes fronte os xenéricos.
- A posibilidade de mecanismos de control bancario que eviten novas crises especulativas.

Para conseguilo, este tratado contemplan a implantación de dous mecanismos antidemocráticos que aseguren o que os negociadores chaman a “Harmonización normativa” que non é máis que unha regularización a baixa da lexislación vixente. Por un lado, o Consello de Cooperación Reguladora, unha especie de goberno das transaccionais que ditaminará o que se pode ou non se pode legislar en asuntos que afecten os seus intereses. E por outro, o mecanismo ISDS de resolución de conflitos entre empresas e estados, que garanta as inversións- e as súas previsións futuras de beneficios- de calquera empresa ante potenciais políticas proteccionistas ou de control legislativo, conflitos que haberían de resolvelos tribunais privados de arbitraje fora de todo control democrático.

En definitiva este tratado, baixo o disface da mellora da economía e o emprego, ademais de apuntar a mellora da conta de resultados das grandes empresas, permitirá a paulatina e perversa apropiación de poder político e xudicial por parte do poder económico das grandes corporacións transaccionais.

Así, en virtude do anteriormente exposto, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1.- Declarar Rianxo municipio oposto ó tratado CETA defendendo os servizos públicos básicos para a solidariedade, a redistribución social, o medioambiente e a saúde.
- 2.- Solicitar ó Parlamento Español e a os Eurodiputados electos o seu rechazo a aprobación do tratado CETA.
- 3.- Solicitar o Ministerio de Economía a suspensión das negociacións do CETA.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

DEBATE:

- A Portavoz do PSOE, M<sup>a</sup> Carmen manifesta que escoitamos os pros e contras, decidimos absternos, damos confianza os que están na negociación que o farán polo ben común.
- Pola concelleira do PP Adela indícase que a Unión Europea non vai en contra dos sindicatos, polo que se estiveron informando cumpre a normativa de importación de produtos alimenticios e a sinatura do convenio vai permitir aumentar o PIB da

UE.

- A Portavoz do BNG Adelina expón que o Ceta, non se vai centrar só no comercial como pretendían facernos crer, senón que vai tocar o básico, o traballo, o público, a ecoloxía, o acceso aos medicamentos, a cultura... Estamos diante dunha decisión política de envergadura que vai alén do eido só comercial e económico, pois servirá de plataforma duns poucos, as minorías da riqueza, esas elites económicas que deciden sobre e por riba de Gobernos, tantas veces cómplices. Para que quen ten máis, teña máis e quen ten menos, aínda menos. Realizouse a súa negociación de forma segreda, antidemocrática, presionando ao Parlamento.

A entrada en vigor do CETA é provisional e aplícase aos aranceis. Agora faltan os procesos de ratificación, esperemos dentro do parlamento de Galicia non se apoie.

- Adolfo intervéñe manifestando que a globalización sen regras o único que xera é desigualdade, inequidade, inxustiza, pobreza e exclusión social e implica, con acordos deste tipo, modificacións legislativas para derogar e rebaixar dereitos, desregular e traer máis austeridade e peores condicións de vida para o pobo. Debería recollerse a libre circulación dos países por encima das leis dos países, non se recollen dereitos para os cidadáns só para as empresas para que teñan tribunais especiais que resolvan conflitos coas empresas canadenses, isto fai dudar da boa vontade dos acordos, esta dobre vara de medir.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 8 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG e 2 membros de Rianxo en Común), tres votos en contra (dos 3 membros do grupo PP) e catro abstencións (4 dos membros do grupo PSOE) dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta APROBADA nos termos desta

## 9.- ROGOS E PREGUNTAS

- O portavoz de Rianxo en Común :
- Non existe na web do servizo de transporte, nin nas marquesiñas sinalados os horarios que pasan por Te, os autobuses ¿Pedirlle a empresa que publique os horarios dos autobuses por Rianxo?
  - Transporte escolar non respecta as paradas, parando no medio da vía ¿Requirirlle ás empresas que utilicen as paradas e os lugares habituais?
  - Na escola infantil antes permitíase aparcar agora non, a xente queixase da situación.
  - Aprobeuse unha moción sobre o pacto dos alcaldes contra o cambio climático ¿subscribiuse? ¿Que medidas se levaron a cabo?
  - Os orzamentos, van con atraso !!
  - O expediente de Auga en xuño vence, ¿comunicóuselle algo a empresa?

- A portavoz do PSOE M<sup>a</sup> Carmen :
- Algúns espellos deben reorientarse.
  - Reiterarémonos na preguntade Rianxo en Común sobre o aparcadoiro da gardería.
  - Suxerimos se faga unha reunión co consorcio na que se trata o tema da Residencia e se pense en Rianxo como firme candidata dese equipamento.
- A concelleira do PP Adela :
- Na Carballeira houbo accidente porque se soltan os contedores.
  - ¿Cando vai estar o PXOM adaptado a lei?
  - Na gardería non hai sitio para poder para e deixar os nenos.
- Adolfo toma a palabra :

Indica que a xente ten que acostumar a levar os rapaces andando, debemos seguir potenciando desprazarse camiñando.

Hai medidas tomadas no entorno do Eroski para que haxa zoa carga e descarga.

Preguntarei polas multas que se puxeron e estudárase poñer máis zoa de parking express, máis bolardos, pero sobre todo hai que garantir a seguridade dos peóns.

A dona da parcela non quere alugar a parcela

- Miraremos os espellos novamente, reorientáronse pero móvense.
- Relativo o cambio climático fíxose a solicitude a oficina Internacional.
- Referente os autobuses requiriráselle as empresas que paren nas paradas establecidas, e a policía local estará atenta o cumprimento.
- Nos orzamentos estanse facendo comisións.
- Sobre o incidente da Carballeira tomamos nota.
- O PXOM adaptarase a nova lei suporá sobre 26000 € o traballo. O PXOM atópase pendente de informe de patrimonio, está avanzado a parte de urbanismo.

O Alcalde dálle a palabra ó público e non se producen intervencións

Ás 22:13 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

Rianxo, luns 20 de febreiro de 2017

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo

O alcalde, Adolfo Muíños Sánchez